

RESOLUCIÓN REITORAL DO 28 DE FEBREIRO DE 2011 DA UNIVERSIDADE DE VIGO POLA QUE SE MODIFICA A CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA PARTICIPAR NO CURSO INTENSIVO ERASMUS WISDOM (Web Data Mining) QUE TERÁ LUGAR EN VILNIUS (LITUANIA) EN MARZO DE 2011.

Universidade de Vigo -
Revisto Xeral

Saída Nº. 201100004668
28/02/2011 13:31:00

Publicada por Resolución Reitoral de 31 de xaneiro a convocatoria de bolsas para participar no curso intensivo Erasmus Wisdom (Web Data Mining) e tras recibir confirmación da universidade coordinadora do proxecto de que poderán ser seleccionado/as 6 estudantes en vez de 5

Esta Reitoría

RESOLVE:

Modificar a Resolución Reitoral de 31 de xaneiro e onde puña

“Publicar unha convocatoria de 5 bolsas destinadas a estudantes da Escola Superior de Enxeñería Informática, tanto do seu primeiro ciclo, como do segundo ciclo, como dos Graos e Másters que alí se imparten.”

Deberá aparecer

“Publicar unha convocatoria de 6 bolsas destinadas a estudantes da Escola Superior de Enxeñería Informática, tanto do seu primeiro ciclo, como do segundo ciclo, como dos Graos e Másters que alí se imparten.”

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.


Así e todo, o interesado poderá optar por interpoñer conta esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá a interposición do recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O REITOR

Por Delegación (R.R. do 24/06/2010)

O vicereitor de Relacións Internacionais

Manuel J. Fernández Lago



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade. Vigo, 28 de febreiro de 2011.

A secretaria do vicereitor de Relacións Internacionais
Henar Quintas Salgado